

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015891	da Terra Chá, José Trapero Pardo	Castro de Rei	2020/2021

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0834	Conservación das especies cinexéticas e piscícolas	2020/2021	7	123	147
MP0834_13	Traballos de repoboación de especies cinexéticas	2020/2021	7	50	60
MP0834_23	Traballos de conservación e mellora do leite e das poboacións acuícolas continentais	2020/2021	7	38	45
MP0834_33	Seguimento e control dos aproveitamentos dos recursos cinexéticos e piscícolas	2020/2021	7	35	42

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ELÍAS CABANA MEILÁN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## **2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Este módulo profesional abrangue a formación necesaria como módulo complementario para dar resposta á necesidade de proporcionar unha adecuada base teórica e práctica para realizar os censo de fauna acuícola e cinexética, conservación e mellora do hábitat, e control de especies. e tamén estudar a produción de especies e aproveitamento sustentable dun espazo cinexético-doceacuícola.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Bioecoloxía, captura e repoboacións das especies cinxéticas	Estudar, capturar e identificar especies cinxéticas	60	33
2	Bioecoloxía e repoboacións de especies piscícolas, conservación e mellora do cauce	Estudar, capturar especies, identificalas para a conservación do medio acuícola	45	32
3	Seguimento e control dos aproveitamentos cinxéticos e piscícolas	Infomación, asesoramiento e control dos medios cinxéticos e piscícolas	42	35

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Bioecoloxía, captura e repoboacións das especies cinexéticas	60

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Captura e traslada animais de especies cinexéticas, tendo en conta a relación das técnicas e os medios coas características das especies e o seu hábitat.	SI
RA2 - Libera animais de especies cinexéticas para repoboación, tendo en conta a relación entre os métodos e a finalidade perseguida.	SI
RA3 - Realiza o seguimento da repoboación e analiza os protocolos establecidos.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características morfolóxicas e biolóxicas das especies cinexéticas e asociadas.
CA1.2 Identifícanse pegadas e sinais das especies cinexéticas.
CA1.3 Realízanse recontos de animais ou das súas pegadas e os seus sinais para a elaboración de censos.
CA1.4 Seleccionáronse os métodos e as técnicas de captura segundo a especie que se vaia capturar e a natureza do contorno.
CA1.5 Instaláronse e revisáronse as trampas, as redes ou outros medios de captura.
CA1.6 Manexáronse e examináronse os individuos das especies cinexéticas capturadas
CA1.7 Embarcáronse e transportáronse os animais destinados a repoboación.
CA1.8 Seleccionáronse e manexáronse os medios, as máquinas, as ferramentas e os equipamentos utilizados nos traballos de captura e traslado de especies cinexéticas.
CA1.9 Aplícase a normativa ambiental, a de benestar animal, a específica das actividades que se vaian realizar e a de prevención de riscos laborais
CA2.1 Descríbense os tipos de repoboacións e soltas.
CA2.2 Tramítáronse os permisos e as autorizacións requiridas.
CA2.3 Recoñécéronse os factores do medio que condicionan o éxito da repoboación.
CA2.4 Construíronse ou instaláronse as estruturas e outros medios para facilitar a supervivencia e a adaptación ao medio natural.
CA2.5 Comprobase a condición física e o estado sanitario previo á solta.
CA2.6 Soltáronse os animais respectando o número, o sexo, a idade, o lugar e o momento establecidos.
CA2.7 Formalizouse a documentación de rexistro e control.
CA2.8 Seleccionáronse e manexáronse os medios, as máquinas, as ferramentas e os equipamentos necesarios nos traballos de liberación de especies cinexéticas.
CA2.9 Aplícase a normativa ambiental, a de benestar animal, a específica das actividades que se vaian realizar e a de prevención de riscos laborais.

Crterios de avaliación
CA3.1 Controláronse os animais liberados no día da solta e nos posteriores.
CA3.2 Recolléronse os datos de campo para determinar o éxito da repoboación.
CA3.3 Revisáronse e mantivéronse as estruturas e outros medios para facilitar a supervivencia e a adaptación.
CA3.4 Realizouse o control de predadores.
CA3.5 Describiuse o protocolo de actuación ante a aparición de animais enfermos ou mortos por causas non atribuíbles á caza.
CA3.6 Seleccionáronse e manexáronse os medios, as máquinas, as ferramentas e os equipamentos necesarios nos traballos de seguimento da repoboación de especies cinexéticas.
CA3.7 Aplicouse a normativa ambiental, a de benestar animal, a específica das actividades que se vaian realizar e a de prevención de riscos laborais.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Especies de caza maior e menor, competidoras, depredadoras, etc. Variedades e ecotipos. Denominacións rexionais. Distribución xeográfica. Especies autóctonas e alóctonas; sedentarias e migratorias. Morfoloxía e faneróptica. Influencia do ambiente.
Normativa ambiental, de benestar animal, específica das actividades que se vaian realizar e de prevención de riscos laborais.
Hábitos de alimentación e reprodución das especies cinexéticas e asociadas. Ritmos de actividade, uso do espazo, comportamento e organización social.
Materiais, pegadas e sinais de especies cinexéticas: observación, recollida, ordenación e acondicionamento; utensilios, materiais e métodos; recoñecemento e identificación. Fichas e cadernos de campo.
Censo de especies animais: métodos directos e indirectos. Recollida de datos en campo: medios e equipamentos técnicos. Problemática habitual. Rexistro da información e elaboración de informes.
Métodos e técnicas de captura de especies cinexéticas. Artes utilizadas (redes, mallas, trampas, capturadros fixos e eventuais, etc.): rendemento e selectividade. Emprazamento, manipulación e revisións. Normativa específica. Adecuación ás condicións do
Medios de captura: emprazamento, instalación, manipulación e revisións.
Técnicas de manexo de especies cinexéticas: inmovilización. Exame físico e determinación de sexo e idade. Marcaxe.
Embarque e transporte: coidados e condicións durante o transporte. Control do estrés e prevención de danos. Procedemento de informe e rexistro.
Medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nos traballos de captura e traslado de especies cinexéticas: selección e manexo; especificacións técnicas e adecuación aos traballos.
Repoboación de especies cinexéticas: introducións, repoboacións e translocacións. Técnicas e métodos segundo as especies, as condicións do medio e a finalidade perseguida. Número de exemplares, idades e relación de sexos. Soltas para caza.
Permisos e autorizacións. Formalización da documentación asociada.
Factores do medio que condicionan o éxito da repoboación: condicións climáticas, capacidade de refuxio, oferta de alimento, presenza de depredadores, etc.
Estruturas e outros medios para facilitar a supervivencia e a adaptación ao medio: emprazamento, construción ou instalación.
Condición física e estado sanitario das especies cinexéticas: protocolo de actuación e toma de mostras. Rexistro de datos e elaboración de informes.
Período do día e lugar de solta. Número, sexo e idade dos animais que se vaian liberar. Rexistro e formalización da documentación de control.
Medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nos traballos de liberación de especies cinexéticas: selección e manexo; especificacións técnicas e adecuación aos traballos.
Normativa ambiental, de benestar animal, específica das actividades que se vaian realizar e de prevención de riscos laborais.
Control de animais liberados: observación das pautas de comportamento e da capacidade de voo ou desprazamento. Formalización de fichas de control.
Parámetros que definen o éxito da repoboación. Recollida dos datos requiridos para o seu cálculo. Seguimento das repoboacións. Supervivencia. Principais causas de mortalidade. Fichas de control. Impacto das repoboacións.
Revisión e mantemento de estruturas e outros medios para facilitar a supervivencia e a adaptación.

**Contidos**

Control de predadores: medios e métodos. Situación e manexo. Épocas e periodicidade de revisión dos dispositivos de captura. Liberación ou sacrificio tras captura; protocolo de actuación. Recollida e rexistro de datos. Adecuación ao plan técnico. Autoriza

Principais doenzas das especies cinxéticas. Outras causas de mortalidade. Protocolo de actuación en caso de doenza ou mortalidade non atribuíble á caza. Procedemento de información. Localización do foco de orixe. Recollida de mostras. Acondicionamento e

Medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nos traballos de seguimento da repoboación de especies cinxéticas: selección e manexo; especificacións técnicas e adecuación aos traballos.

Normativa ambiental, de benestar animal, específica das actividades que se vaian realizar e de prevención de riscos laborais.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Bioecoloxía e repoboacións de especies piscícolas, conservación e mellora do cauce	45

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza traballos de repoboación e mantemento de poboacións acuícolas continentais, tendo en conta a relación das técnicas e os métodos coas especies e o lugar de captura ou solta.	SI
RA2 - Aplica técnicas de conservación e mellora do leito, para o que interpreta e aplica as técnicas establecidas.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as especies piscícolas e astacícolas susceptibles de pesca en augas continentais.
CA1.2 Aplicáronse técnicas de captura no hábitat de auga doce.
CA1.3 Realizáronse as operacións de selección, extracción e transporte de exemplares en piscifactoría.
CA1.4 Realizouse a solta de exemplares.
CA1.5 Descríbense os protocolos de actuación en caso de mortalidade masiva de peixe.
CA1.6 Formalizouse a documentación de seguimento e control nos traballos de repoboación e mantemento.
CA1.7 Seleccionáronse e manexáronse os medios, as máquinas, as ferramentas e os equipamentos necesarios nos traballos de repoboación e mantemento.
CA1.8 Aplícase a normativa ambiental, a específica das actividades que se vaian realizar, a de benestar animal e a de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Localizáronse e acondicionáronse os lugares de desova.
CA2.2 Identifícanse as principais especies vexetais propias dos leitos e as especies de flora invasoras.
CA2.3 Descríbense as técnicas de poda ou corte da vexetación dentro do leito e as de eliminación ou control da flora invasora.
CA2.4 Caracterizáronse as escalas, os pasos e os sistemas de contaxe para peixes.
CA2.5 Descríbense procedementos sinxelos para determinar os caudais circulantes ou para avaliar volumes en vasos de acumulación.
CA2.6 Seleccionáronse e manexáronse os medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nos traballos de conservación e mellora do leito.
CA2.7 Aplícase a normativa ambiental, a específica das actividades que se vaian realizar e a de prevención de riscos laborais.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Especies pescables de augas continentais: clasificación; morfoloxía, bioloxía e ecoloxía. Poboacións piscícolas e astacícolas. Especies competidoras, depredadoras, etc. Distribución xeográfica. Especies autóctonas e alóctonas; sedentarias e migradoras. Ou
Captura de especies acuícolas continentais. Fundamentos e aplicación segundo a finalidade. Pesca eléctrica e outros métodos. Protocolos de actuación. Reanimación, manexo e marcaxe. Técnicas para reducir o estrés e outros danos. Autorizacións administrativas
Selección de exemplares en piscifactoría: criterios. Extracción e transporte: procedemento de actuación. Documentación e condicións de transporte.

**Contidos**

Solta de exemplares: métodos. Técnicas de adaptación ao medio receptor. Seguimento. Autorizacións administrativas.

Principais doenzas da fauna acuícola continental. Protocolos de actuación en caso de mortalidade masiva. Procedemento de información. Localización do foco de orixe.

Recollida de mostras. Acondicionamento e procedemento de envío ao centro de referencia. Retirada e eliminación de exemplares mortos.

Documentación de seguimento e control nos traballos de repoboación e mantemento de poboacións acuícolas continentais: formalización. Cadernos e cadros de campo.

Medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nos traballos de repoboación e mantemento: selección e manexo; especificacións técnicas e adecuación aos traballos.

Normativa ambiental, específica das actividades que cumpra realizar, de benestar animal e de prevención de riscos laborais.

Reproducción de especies acuícolas continentais. Desova. Potencial de ríos e masa de augas continentais para a reprodución: avaliación. Lugares de desova: localización. Condicións de ocupación e a súa comprobación. Acondicionamento: técnicas para increment

Ecosistemas fluviais e lacustres. Especies vexetais propias dos leitos: distribución.

Influencia na vida da fauna acuícola continental. Especies de flora invasora. Xeitos habituais de introdución. Prevención. Impacto nos ecosistemas fluviais.

Técnicas de poda ou corte da vexetación dentro do leito. Adecuación á finalidade perseguida. Eliminación ou control da flora invasora: métodos mecánicos, químicos e biolóxicos. Impacto nos ecosistemas fluviais.

Escalas para peixes: de artesa, de ascensor, de rampla, etc. Pasos para peixes e sistemas de contaxe. Sistemas de seguridade para a fauna acuícola (reixas, etc.): eficacia, situación e construción (encofrado e desencofrado); elaboración de armaduras; dosi

Mantemento e revisión. Riscos para as especies piscícolas.

Caudal circulante e caudal ecolóxico. Determinación de caudais e volumes de retención: métodos sinxelos. Localización de puntos de incorporación de efluentes ou de extracción de caudais. Autorizacións administrativas e procedemento de información. Influen

Medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nos traballos de conservación e mellora do leito: selección e manexo; especificacións técnicas e adecuación aos traballos.

Normativa ambiental, específica das actividades que se vaian realizar e de prevención de riscos laborais.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Seguimento e control dos aproveitamentos cinexéticos e piscícolas	42

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza tarefas de control, asesoramento e información para o aproveitamento ordenado dos recursos cinexéticos e piscícolas, analizando as actuacións que debe desenvolver.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse os terreos e os cursos e masas de auga segundo o seu réxime de aproveitamento cinexético ou piscícola.
CA1.2 Descríbense as técnicas e as modalidades de caza e de pesca continental.
CA1.3 Enuméranse os aspectos sobre os que informar as persoas usuarios acerca dos tramos de pesca ou terreos cinexéticos.
CA1.4 Recóléronse datos para o seguimento e o control das actividades de caza e pesca.
CA1.5 Formalizouse a documentación de seguimento e control.
CA1.6 Descríbiuse o procedemento de actuación ante infraccións de caza e pesca.
CA1.7 Seleccionáronse e manexáronse os medios, as máquinas, as ferramentas e os equipamentos utilizados nas tarefas de control, asesoramento e información.
CA1.8 Aplícase a normativa ambiental, a específica das actividades que se vaian realizar e a de prevención de riscos laborais.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Tramos e masas de auga segundo o seu réxime de aproveitamento piscícola. Clasificación segundo a lexislación autonómica específica. Plans técnicos de ordenación e xestión da pesca. Augas de dominio privado. Terreos de aproveitamento cinexético. Concesión
Técnicas e modalidades de caza maior e menor. Adecuación ao hábitat, especies e normativa. Caza selectiva e caza de xestión. Tipos de armas e de municións. Permisos e revisións. Modalidades tradicionais de caza. Cans de caza. Prácticas ilegais de caza.
Técnicas e modalidades de pesca continental. Adecuación ao hábitat, especies e normativa. Equipamentos, materiais e accesorios para a pesca deportiva. Artes e técnicas tradicionais de pesca. Prácticas ilegais de pesca.
Asesoramento e información ás persoas usuarias: vedas e períodos hábiles. Calidade potencial do tramo de pesca ou terreo de caza. Situacións especiais de risco. Licenzas, permisos e prácticas ou técnicas autorizadas. Especies permitidas e as súas clases p
Seguimento e control das actividades de caza e pesca. Recollida de datos: datas, modalidades, número de persoas cazadoras ou pescadoras, especies capturadas ou abatidas, trofeos, alteracións externas ou defectos físicos, marcas e outros medios artificiais
Documentación de seguimento e control: partes de traballo e cadros de caza e pesca. Formalización.
Actuación ante infraccións de caza e pesca: procedemento de informe e denuncia. Boletín de denuncia: datos consignados para asegurar a súa finalidade. Medidas cautelares. Colaboración cos axentes da autoridade.
Medios, máquinas, ferramentas e equipamentos utilizados nas tarefas de control, asesoramento e información: selección e manexo; especificacións técnicas e adecuación aos traballos.
Normativa ambiental, específica das actividades que se vaian realizar e de prevención de riscos laborais.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos están indicados para cada ud no apartado 4c. Debendo superalos todos para superar o módulo.

Criterios de cualificación:

O peso dos distintos CA gardan relación cos distintos instrumentos de avaliación indicados no apartado 4c, como son probas obxectivas, e outros baseados en traballo/actividades do alumnado como son: probas tipo test, lista de cotexo ou Escala de observación. Valorarase tamén a entrega de diversos traballos relacionados coas exposicións audiovisuais de material relacionado co módulo. Tamén traballos diversos sobre exposicións audiovisuais de clase. As probas escritas volaranse un 80% do peso total. O resto de probas (exposición traballos varios valorase un 20%).

Para superar o módulo é preciso obter un 5, é dicir un alumno que non realiza ningunha actividade/ traballo proposto non superará o módulo.

Se nun trimestre se realizan varias probas cumpre ter un 5 en cada unha delas para facer media. No caso contrario o alumno deberá facer unha proba trimestral.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación determinaranse a partir do informe de avaliación individualizado.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo durante o 3º trimestre.

Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados, ditas actividades de recuperación serán presenciais.

Durante este período traballarase os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados.

Unha vez rematado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados, mediante a realización dunha proba ou exame, e realizar os exercicios propostos durante este trimestre.

Para supera-lo módulo o alumnado debe acadar un 5 nesta proba que se realizará ó final do terceiro trimestre e ademais entregar os traballos en tempo e forma.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación extraordinaria consistirá nunha proba escrita teórico-práctica sobre as actividades que se desenvolven nas unidades didácticas sempre

en relación coas actividades desenvolvidas ao longo do curso; esta proba terá lugar ó final do terceiro trimestre previa a avaliación final de módulos.

As datas da proba ou probas serán establecidas polo profesorado, e serán expostas no taboleiro do Centro con 15 días de antelación a proba.

O alumno deberá demostrar que acadou cada un dos contidos mínimos esixibles detallados na presente programación, e obter un 5 na citada proba.

Os alumnos tamén deberán entregar unha serie de traballos/tarefas dos realizados ao longo do curso, os cales seránlles indicados previamente.

O alumno/a será orientado previamente sobre a forma de realizala proba.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1.-Salientar a importancia da propia avaliación deste documento para comprobar se realmente acadou a súa finalidade. A tal fin, aplicaranse os seguintes criterios:

- Adecuación dos contidos recollidos na programación para conseguir as aprendizaxes propostas e a súa adecuación ás características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.

- Valoración do seguimento da programación na reunión de ciclo, onde se analizará o grado de cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e as actividades realizadas conforme ó programado inicialmente.
- Ao finalizar o mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificacións para o seguinte curso, e o porcentaxe de programación impartida.
- Para o seguimento da programación emprégase a plataforma informática de elaboracións de programacións.

2.- Sistemática a empregar para darlle a coñecer ó alumnado a información relativa a programación :

Ao inicio do curso se lle explicará ao alumnado os seguintes aspectos da programación de forma xeral, e no desenvolvemento das clases, xa de forma pormenorizada no inicio de cada UD:

Unidades didácticas: cos seu criterios de avaliación, contidos e temporalización, as actividades a realizar en cada unha delas cos distintos instrumentos de avaliación, e o peso dos distintos CA na cualificación .Farase especial fincapé aos criterios de cualificación e aos mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva .

Tamén se explicarán a normas de conduta, hixiene e deontoloxía profesional a manter no desenvolvemento das clases.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó abeiro do indicado no art 28 da Orde do 12 Xullo de 2011, pola que se regula o desenvolvemento avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de FP inicial, ao inicio do curso entregaráselle ó alumno un cuestionario de coñecementos previos sobre a materia. O titor do grupo na sesión de avaliación inicial aportaranos a información dispoñible dos alumnos sobre características xerais do grupo, e as específicas académicas ou persoais con incidencia educativa.

Durante o curso realizarase ao inicio de cada unidade didáctica unha avaliación inicial, fundamentalmente a través dun pequeno coloquio ou con treboadas de ideas, no que se lle efectuarán aos alumnos preguntas relacionadas cos temas, co obxecto de valorar os coñecementos previos e interese do alumnado nas distintas UD

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na medida do posible, tratarase de detectar casos de alumnos/as que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe.

- Unha vez detectadas esas dificultades, o alumno/a será obxecto dun seguimento especial nos diferentes aspectos a tratar da materia, propoñéndoselle novas actividades específicas de apoio.
- O tratarse dun módulo de segundo curso estas necesidades xa serían detectadas no curso anterior polo que a súa valoración e resposta é mais doada.

Medidas de reforzo educativo:

Para potenciar os conceptos e procedementos nos alumnos que por calquera causa teñan dificultades na consecución dos obxectivos. Os alumnos que se atopen nestas circunstancias realizarán:

- Exercicios específicos para os alumnos que non acaden os obxectivos mínimos.
- Exercicios de consolidación: para os alumnos que acadando os contidos mínimos teñen certas dificultades nalgún concepto ou procedemento.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo na aula

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto polo medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón, sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación. Facer unha boa xestión dos residuos
- Educación para a saúde: O desempeño profesional respetuoso co medio, cumprindo coa normativa de seguridade e prevención de riscos laborais. É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro (aula, material informático,talleres,...)

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Contarase coa colaboración de profesionais do sector que serán invitados a participar de forma activa na formación do alumnado, a través de charlas, conferencias, debates, etc., tratando temas e expoñendo casos que se relacionen directamente con temario do módulo. Os profesionais procederán de ámbitos coma: granxas cinxéticas, reservas de caza, piscifactorías..
- Visitaranse empresas do sector:.,granxas cinxéticas, piscifactorias...
  - Asistencia a feiras, congresos ou cursillos organizados pola Administración ou por distintas organizacións ou empresas privadas sobre temas que teñan relación directa co módulo.
  - Visitas a outras escolas e centros de formación.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Adaptación da programación ó rexime semipresencial e a distancia

A presente programación está elaborada para o réxime presencial. Si, por calquera circunstancia, se tivese que variar o réxime, para a educación semipresencial ou educación a distancia, esta programación terá que que modificarse en consecuencia. A continuación recóllense as principais modificacións da programación ante estes dous supostos.

### 10.2) Réxime semipresencial

A mínimos

Son mínimos esixibles os CA que figuran como tales na presente programación

Metodoloxía e recursos

Dado que se trata dunha educación semipresencial o alumnado recibirá docencia presencial e docencia a distancia. Durante os días da docencia presencial faranse as actividades prácticas de cada unha das unidades didácticas. Durante a docencia a distancia impartiranse os contidos teóricos mediante videoconferencias, videotitoriais, etc, realizados polo profesor da materia. Todo este material será accesible dende a aula virtual do IES da Terra Chá, no curso do módulo. Dende esta aula o alumnado tamén poderá descargar os apuntamentos da unidade en formato pdf. A resolución de dúbidas por parte do alumnado realizarase durante as clases presenciais ou a través do foro da aula virtual habilitado en cada un dos módulos.

#### Avaliación

Para a avaliación do alumnado ante o caso dunha educación semipresencial empregaranse os mesmos instrumentos e criterios de avaliación que na educación presencial. Neste caso aproveitarase un dos días de asistencia presencial para a realización das probas escritas.

### 10.3) Réxime a distancia

#### A mínimos

Son mínimos esixibles os CA que figuran como tales na presente programación

#### Metodoloxía e recursos

Dado que se trata dunha educación a distancia a docencia farase telematicamente empregando os seguintes medios:

- A aula virtual do IES da Terra Chá, no curso do módulo. Dende aquí o alumnado tamén poderá visualizar as veces necesarias as videopresentacións e videotutoriais realizadas polo profesor/a, descargar os apuntamentos da unidade en formato pdf e acceder a calquera material didáctico que se considere de interese. A resolución de dúbidas por parte do alumnado realizarase a través do foro da aula virtual habilitado en cada un dos módulos.
- A plataforma de videoconferencias habilitada pola Consellería de Educación (como pode ser o Ciscowebex). Estas videoconferencias aproveitaranse para a explicación daqueles contidos de maior dificultade.

#### Avaliación

Ó tratarse dun réxime a distancia, sen a posibilidade da presenza do alumno no centro, os instrumentos de avaliación serán probas escritas, orales e/ou traballos de elaboración propia do alumno.

Para a realización das probas escritas e/ou orales, empregaranse preferentemente a aula virtual do centro e/ou a través da plataforma de videoconferencias habilitada pola Consellería de Educación.